

22300	PRIMEIRA FORESTACIÓN DE TERRAS NON AGRÍCOLAS.
	<p><i>Axudas para fomento das frondosas caducifolias. Orde do 20 de febreiro de 2009 (DOG 27/02/2009)</i></p> <p><i>PRAZO DE SOLICITUDE ABERTO ata o 27/03/2009 e ata o 27/06/2009 no caso das Uxfor.</i></p>
	<p>Beneficiarios Propietarios particulares e as súas agrupacións, cooperativas agrarias, pro indivisos, comunidades de bens, entidades locais, outras persoas xurídicas, as comunidades de montes veciñais en man común e as unidades de xestión forestal (Uxfor). Todos eles PROPIETARIOS de SUPERFICIES identificadas no SIXPAC como: Forestal, Pasto con Arboredo, Pasto Arbustivo, que cumpran os requisitos de superficie máximos e mínimos en función do tipo de propietario.</p>
	<p>Actividades Subvencionables -Plantación de frondosas caducifolias. -Aproveitamentos silvopastorais, plantación de castiñeiros en marcos amplos ou outros aproveitamentos da superficie -Peche de plantación realizada de menos de 10 ha en casos xustificados e cando o beneficiario non sexan propietarios particulares ou Uxfor. - Colocación de protectores.</p>
	<p>Axuda Ata o 80% do investimento para forestación en zonas desfavorecidas e ata o 70% nos restantes casos. -Frondosas caducifolias: máximo de 2.397€/ha - Aproveitamentos silvopastorais , outros aproveitamentos e plantacións de castiñeiros: máximo de 1.256€/ha. -Peches de plantacións 280€/ha cun máximo de 7.000€ por km de peche. -Primas de mantemento de 314€/ha no caso de terreos agrícolas abandonados (que non tiveran aproveitamento agrario nos últimos 10 anos), excepto para entidades locais.</p>
	<p>Unidade xestora SX Recursos Forestais.</p>